

Meira - Riotorto, 21 de maio de 2018

Señora, señor:

Hai xa uns anos longos que, encabezada polas respectivas autoridades municipais, a sociedade civil dos concellos de Riotorto e Meira decidiu organizarse para tratar de divulgar a vida e a obra de Avelino Díaz Díaz (A Órrea, 1897 – Buenos Aires, 1971).

O obxectivo que provocou que persoas de toda condición e de todas as ideoloxías tomasen o acordo de iniciar este proxecto común foi que, chegado o tempo, tal proxecto debería verse culminado coa publicación íntegra da obra de Avelino da que existe algunha constancia: 1.178 poemas, 193 artigos de prensa, 25 conferencias, obras de teatro, traducións ao/do castelán, portugués e italiano, recensións de libros... No xerme da idea planaba a razoable sospeita de que era altamente improbable que os investigadores/as se fixasen nun autor da **emigración** –que desenvolveu toda a súa produción lonxe de Galicia– e non do **exilio**, condición esta última –a de exiliado– que, como a historia próxima do estudo da nosa literatura nos recorda, faría máis doado recuperar o noso autor do ostracismo.

Transcorrido o tempo, fíxose máis evidente o temor que presidira o inicio daquel camiño común. Unha obra –de calidade contrastada ao longo destes anos– tan extensa como a de Avelino Díaz só podería ser estudada se se dispón dos medios precisos. Precisamente por iso, a Asociación Cultural que leva o nome do autor, en representación da sociedade civil de Meira e Riotorto, intentou presentar a súa candidatura para o Día das Letras durante os dous últimos anos, sen que fose posible en ningunha das ocasións que tal candidatura superase o poxigo da Academia.

É por iso que lle facemos chegar esta carta na que lle solicitamos –abertamente e facéndolle saber que non recibirá ningunha outra comunicación, en ningún caso privada, por parte desta Asociación– que permita que o noso autor sexa candidato ao Día das Letras de 2019 facilitándolle, previamente e segundo o establecido no regulamento da propia RAG, a entrada na Academia.

O concello de Riotorto tiña 1.255 habitantes o 1 de xaneiro de 2018; nesa mesma data, o concello de Meira estaba formado por 1.711 persoas. É dicir, 2.966 cidadáns e cidadás en total. É a Asociación Cultural “Avelino Díaz” quen lle fai a petición, insistimos, pero facémolo co apoio inequívoco de **2.391 persoas** que asinaron –pode cotexar as sinaturas no rexistro da RAG, se así o quixer– esta petición textual dirixida á Academia:

*As persoas abaixo asinantes acordan dirixirse á Real Academia Galega solicitando que o poeta, xornalista e activista cultural **Avelino Díaz Díaz**, nacido no lugar da Travesa, na parroquia da Órrea (Riotorto – A Terra de Miranda) e residente no lugar da Pena (Meira) durante a súa infancia e xuventude, sexa candidato ao Día das Letras do próximo ano. Un*

*Día das Letras dedicado a el faría posible poder localizar e publicar os 851 poemas inéditos da súa autoría, así como a súa enorme produción xornalística. Con el renderíaselles homenaxe a todos os escritores/as que sufriron a **emigración** e non só o exilio, ademais de recoñecerlle a autoría do primeiro libro de poemas da literatura galega da posguerra (Debezos, 4 de xullo de 1947).*

A solicitude que lle realizamos vai acompañada tamén da adhesión de **51 empresas e colectivos** da comarca de Riotorto e Meira, que pode cotexar, igualmente, no rexistro da RAG se o desexar. Uns e outros apoios son puramente testemuñais pero, de ter existido realmente unha campaña ao respecto deseñada con demora, serían con seguridade practicamente unánimes.

Como lle tratamos de facer ver máis arriba, coa candidatura de Avelino Díaz, ademais da recuperación da súa amplísima obra, renderíaselles homenaxe aos **autores/as da emigración** –e non só do exilio– que, lonxe de permanecer alleos aos problemas de Galicia, foron sempre fieis a ela, e mesmo actuaron –este foi o caso de Avelino tamén– como anfitrións dos exiliados cando as circunstancias viñeron mal dadas.

Para unha idea xenérica das razóns polas cales Avelino debe ser candidato ao Día das Letras do próximo ano, pregámoslle que lea, se así o considerar, o relatorio que lle ofrecemos no documento anexo. Paralelamente, no rexistro da propia RAG existe unha ampla memoria das actividades realizadas nos últimos anos arredor da figura de Avelino e, en todo caso, suxerímoslle visitar o noso sitio web: [www.poetaavelinodiaz.gal](http://www.poetaavelinodiaz.gal).

Reiterándolle que non debe esperar ningún outro contacto pola nosa parte, reciba un cordial saúdo e o noso recoñecemento,

  
ASOCIACIÓN CULTURAL

**AVELINO DÍAZ**  
**Día das Letras Galegas 2019**  
122 aniversario do seu nacemento

**Só 10 razóns para intentar reparar unha inxustiza**

1. Porque o Día das Letras homenaxearía con el, dun ou doutro modo, a DIÁSPORA.
2. Porque se trata dun emigrante, que deixou Galicia con apenas 22 anos, sen que nunca máis volvese pisar a Terra. Coa Guerra Civil, acabaría convertendo tamén en exiliado.
3. Porque estamos ante un poeta –xornalista, dramaturgo, ensaísta, activista cultural e político...– practicamente descoñecido en Galicia precisamente por terse formado en América e por ser a súa produción exclusivamente *americana*.
4. Porque, alén das súas outras facetas, é autor dunha monumental obra poética –1.178 poemas– e porque un Día das Letras permitiría dispoñer dos medios –inalcanzables doutro modo– para localizar e publicar os aproximadamente 851 poemas da súa autoría que permanecen inéditos, ademais da súa inxente produción xornalística.
5. Porque o seu volume *Debezos* é o primeiro libro de poesía galega “importante” publicado despois da Guerra, vinte días antes que *Cómaros verdes...* e porque Carballo Calero descoñecía por completo a súa figura e a súa obra cando publicou a súa *Historia da literatura galega contemporánea*.
6. Porque cultivou todos os xéneros poéticos, desde o fondo intimismo ata o paisaxismo, pasando pola poesía de combate, a amorosa, a costumista ou mesmo o hilozoísmo.
7. Porque Xosé Neira Vilas definíao como o máis hábil versificador galego, e porque quixo presentalo como candidato ao Día das Letras no ano 2015, sen que a Asociación Cultural *Avelino Díaz* o apoiase na idea, á espera de poder reunir a suficiente información sobre a súa vida e a súa obra.
8. Porque desenvolveu sempre un incesante labor cultural e político en Buenos Aires desde un segundo plano buscado, e porque foi el mesmo quen sufragou a publicación dos tres volumes poéticos que viu publicados en vida.
9. Porque con el honraríase toda a colectividade galega que deu o seu apoio inequívoco á República e aos exiliados, e todos aqueles emigrantes e exiliados que mantiveron inalterable o seu amor á Terra e a súa defensa da lingua e da cultura.
10. Porque foi membro correspondente da Real Academia Galega en tempos extremadamente difíciles.  
e...
11. Porque a súa obra é unha obra de calidade, contrastada xa nestes últimos anos por diferentes investigadores e investigadoras.